BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Mércores, 31 de xullo de 2019
Núm. 145

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

NOMEAMENTO PERSOAL EVENTUAL XULLO 2019

Expediente: 2019/NOMPEREVENT/000003
2019/CESEPEREVENT/000006

Expediente: 2019/NOMPEREVENT/000004

A N U N C I O

NOMEAMENTO PERSOAL EVENTUAL

Mediante Decreto da alcaldía de data 16 de xullo de 2019, acordouse o seguinte:

"(...) PRIMEIRO.—Cesar a dona Mª Angeles Pereira Costas, con DNI ** **4636 , licenciada en xornalismo, no posto de técnico/a de relacións cos medios co CDG 0003, adscrito á Presidencia, con efectos do día 16/07/2019.

SEGUNDO.—Nomear a dona Mª Angeles Pereira Costas, con DNI ** **4636, licenciada en xornalismo, para ocupar o posto de técnico en relacións públicas e protocolo co CDG 0102, adscrito ao Gabinete da Alcaldía, con efectos do día 17/07/2019, baixo a dependencia directa do alcalde e correspondéndolle o desenvolvemento das funcións propias do posto en xornada laboral equivalente á establecida con carácter xeral para os funcionarios municipais e acompañar ao alcalde ou a outros membros da Corporación cando se requiran os seus servizos, incluso en xornada de tarde.

As funcións do técnico en relacións públicas e protocolo serán as tarefas de elaboración de dosiers de prensa, relacións cos medios de comunicación social, imaxe corporativa, protocolo municipal e relacións públicas; o importe das retribucións íntegras a percibir polo nomeado serán as consignadas para o posto na relación de postos de traballo do Concello, que se corresponden cunha retribución anual asimilada ás retribucións anuais básicas e complementarias asimiladas ás dun posto de técnico xefe de servizo, grupo A1 e nivel de complemento de destino 26 e será dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

TERCEIRO.—Nomear a Ana Cabaleiro López, con DNI 7681****, licenciada en xornalismo, para ocupar o posto de técnico/a de relacións cos medios co CDG 0003, adscrito á Presidencia con efectos do día 17/07/2019, correspondéndolle o desenvolvemento das funcións propias do cargo en xornada laboral equivalente á establecida con carácter xeral para os funcionarios municipais e acompañar ao alcalde ou a outros membros da Corporación cando se requiran os seus servizos, incluso en xornada de tarde.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:4U6XTFND18R7LEIS

As funcións do técnico de relacións cos medios serán as tarefas de redacción informativa, relacións con xornalistas, organización de comparecencias, servizo de documentación informativa, gabinete de prensa e demais tarefas de colaboración co técnico de relacións públicas e protocolo e cunha retribución anual asimilada ás retribucións anuais básicas e complementarias dun técnico, grupo A1- con nivel de complemento de destino 25, e será dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CUARTO.—As persoas nomeadas como persoal eventual coa presente resolución poderán ser cesadas libremente polo alcalde e, en todo caso, cesarán automaticamente cando expire o mandato ou si se produce o cese da autoridade que os nomeou.

Os nomeamentos acordados nos puntos segundo e terceiro desta resolución terán efectos do día 17/07/2019, data na que causarán alta no réxime xeral da Seguridade Social e se incorporarán ao seu posto de traballo para iniciar a prestación dos servizos e funcións arriba sinalados.

QUINTO.—Os nomeamentos efectuados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, coa especificación das súas retribucións e da súa xornada laboral.(...)"

Mediante Decreto da alcaldía de data 16 de xullo de 2019, acordouse o seguinte:

"(...) PRIMEIRO.—Nomear a don Álvaro Rodiño Tomé, con DNI ****0875, graduado en comunicación audiovisual, para ocupar o posto de xefe de negociado de grupo municipal co CDG 0002 (Grupo Municipal do PP), adscrito á Presidencia e correspondéndolle o desenvolvemento das funcións propias do cargo en xornada laboral equivalente á establecida con carácter xeral para os funcionarios municipais, acompañando ao alcalde ou a outros membros da Corporación cando se requiran os seus servizos, incluso en xornada de tarde.

As funcións do negociado de grupo municipal serán as de xestionar o traballo administrativo en materia de comunicación e prensa, cooperación e organización de tarefas nese eido, desenvolvemento de funcións propias de secretaría particular dos grupo municipais do Concello (grupo municipal do PP) e o importe das retribucións íntegras a percibir polo nomeado serán as consignadas na relación de postos de traballo do Concello, que se corresponden cunha retribución anual asimilada ás retribucións anuais básicas e complementarias dun administrativo de xefe de negociado (grupo C1-nivel 20), sendo dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CUARTO.—A persoa nomeada como persoal eventual coa presente resolución poderá ser cesadas libremente polo alcalde e, en todo caso, cesará automaticamente cando expire o mandato ou si se produce o cese da autoridade que os nomeou.

O nomeamento acordado con esta resolución terá efectos do día 17/07/2019, data na que o nomeado causará alta no réxime xeral da Seguridade Social e se incorporará ao seu posto de traballo para iniciar a prestación dos servizos e funcións arriba sinalados.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:4U6XTFND18R7LEIS

Mércores, 31 de xullo de 2019
Núm. 145

QUINTO.—O nomeamento efectuado publicarase no Boletín Oficial da Provincia, coa especificación das súas retribucións e da súa xornada laboral(...)".

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 104.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

RECURSOS PROCEDENTES

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas , ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Adminstrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:4U6XTFND18R7LEIS